



Plan sanitario integral aplicado a explotacións de gando vacún

Ao longo das seguintes páxinas, imos tratar de responder a dúas cuestións: a primeira, en que consiste un plan sanitario integral e, a segunda, que beneficios achega a súa implantación nas ganderías bovinas.

José Antonio Fernández García

Doutor en Veterinaria

Vogal da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo

Nestes tempos de incerteza con respecto á aplicación da figura do veterinario de explotación, están a xurdir moitas opinións, nalgúns casos pouco acertadas. Penso que é por falta de coñecemento das funcións do devandito veterinario e, noutros casos, parecen que responden máis a un oportunismo político. En calquera caso, paga a pena explicar un pouco como é o plan sanitario integral, pedra angular da actuación do veterinario de explotación. O contido mínimo que debe conter o citado plan vén recollido no anexo IV do RD 364/2023. No entanto, para unha maior comprensión, é preciso ter en conta o RD 1053/2022 sobre as normas básicas

de ordenación das granxas bovinas, así como a actual modificación en curso do devandito RD que aparece no artigo cuarto do borrador presentado polo MAPA.

Tamén hai que ter en conta a clasificación das explotacións gandeiras en función da súa capacidade produtiva que aparece no punto 4 do artigo 3 do RD 1053, e a disposición final cuarta relativa á entrada en vigor dos artigos 5,6,7,9,10,11,17, así como o artigo 1 do mesmo RD, onde se establecen as exencións no cumprimento das disposicións dos artigos 5,6,7,8,9,10,11,17 do citado RD, o cal é determinante para que as explotacións gandeiras teñan a obriga ou non de dispor de determinados requisitos sobre manexo,

equipamento, condicións hixiénico-sanitarias, benestar animal etc., de cara ao cumprimento dos puntos que se establezan no plan sanitario integral. Este plan sanitario débese elaborar adaptándose ás características, sistema produtivo, capacidade produtiva e tipoloxía de cada explotación, por exemplo a unha explotación do grupo I (menos de 20 UGM inclusive) ou II (21-180 UGM) ou III (181-850UGM) existentes non se lles vai a esixir nin acceso pechado, nin arco ou vao de desinfección para vehículos ou, no caso dunha explotación de vacún de leite, non ten os mesmos requisitos de infraestruturas, manexo e condicións de bioseguridade que unha explotación de carne en extensivo.

► O DEVANDITO PLAN SANITARIO DÉBESE ELABORAR ADAPTÁNDOSE ÁS CARACTERÍSTICAS, SISTEMA PRODUTIVO, CAPACIDADE PRODUTIVA E TIPOLOXÍA DE CADA EXPLOTACIÓN

En definitiva, non se trata dun plan sanitario uniforme para todas as granxas, senón que cada explotación terá o seu plan propio, o cal velará polo cumprimento mínimo nas condicións de bioseguridade e hixiénico-sanitarias.

Xa que estamos a falar de bioseguridade, é preciso expor unhas puntualizacións respecto diso. A **bioseguridade** é un concepto máis amplo que o de garantir o óptimo estado sanitario dunha granxa; forma parte do

concepto *one health*, é dicir, “unha soa saúde”, o cal considera que a saúde animal, a humana e a ambiental están moi interconectadas, co cal un fallo nunha delas inflúe directamente sobre as outras; por iso, o concepto de bioseguridade debe ser ampliado mediante os seguintes principios (Callejo Ramos, A):

- Bioexclusión: comprende as medidas para evitar ou minimizar a entrada de patóxenos na granxa.
- Biocompartimentación: medidas

para prever a difusión dun patóxeno na granxa.

- Biocontención: medidas para evitar a saída dun patóxeno dunha granxa afectada e que poida afectar a outras libres do patóxeno en cuestión.
- Bioprevención: medidas para evitar a difusión de patóxenos zoonóticos que poidan afectar ao ser humano.
- Biopreservación: medidas para prever a contaminación ambiental.

Un plan sanitario integral implantado nunha explotación de vacún ten que ter en conta os citados principios.

En liñas xerais e a modo de exemplo, o **Plan sanitario integral (PSI)** comprende os capítulos que imos desenvolver a continuación sen afondar en detalle, de forma que sexan de fácil aplicación e sempre tendo en conta o descrito no RD 1053, sobre todo no capítulo 1, onde se establecen as exencións no cumprimento de moitos dos puntos que se describen a continuación en función de se son explotacións en ►

SEMANA GANDEIRA

MAZARICOS, do 25 de novembro ao 1 de decembro 2024

Programa

POLA SEMANA:

- Mesa redonda virtual
- «Situación actual e perspectivas de futuro do sector lácteo»
- Visitas de escolares a granxas e industrias leiteiras
- Concurso de fotografía vacuna
- Concurso de debuxo

SÁBADO 30 DE NOVIEMBRE:

Pola mañá:
Apertura exposición agraria e de servizos
GRAN SESIÓN VERMUUUUUUU
A partir das 12:00 h. actuación do DJ ROKIÑO

Pola tarde:
- Concurso de postres lácteos
- Obradoiros e actividades para nenos
- Obradoiros e actividades de participación popular

DOMINGO 1 DE DECEMBRO:

- Poxa de gando frisón
- «Memorial José Moreira»
- Sorteo de máis de 2.000 euros en premios entre todos os asistentes

Durante toda a fin de semana haberá servizo de cantina e comedor a cargo do MAZARICOS C.F.

Organiza:



Patrocina:



Colabora:



► EN CASO DE COMPRA DE ANIMAIS, DÉBENSE REALIZAR ANALÍTICAS PREVIAS DE IBR, BVD, PARATUBERCULOSE E DE MOSTRAS DE LEITE PARA DETECTAR PATÓXENOS CONTAXIOSOS



extensivo ou non extensivas, coas súas diferentes capacidades produtivas:

1) PLAN DE HIXIENE E BIOSEGURIDADE

Medidas en relación ao acceso de vehículos

- Acceso pechado con delimitación perimetral, salvo para vehículos autorizados.
- Arco de desinfección ou vao sanitario.
- As explotacións deben manter un rexistro actualizado dos vehículos e persoas que acceden ás explotacións.

Medidas en relación ao acceso de animais

- Impedir o acceso de animais alleos á explotación.
- Favorecer a autorreposición, en caso de reposición externa a granxa de procedencia debe ter igual ou superior cualificación sanitaria.
- Evitar o transporte conxunto de animais de distinta procedencia.
- Realizar unha rigorosa inspección dos animais tras a descarga do camión de transporte, a poder ser nun lugar habilitado para iso e separado do resto dos locais e animais da explotación.
- Espazo para corentena separado do resto das instalacións (pídese que haxa un espazo de corentena, fixo ou temporal, pero, segundo o RD 1053, non se exige separación do resto das instalacións e manexo diferenciado en explotacións dos grupos I, II e III existentes; entra en vigor en xaneiro de 2026 RD1053).



- Control de limpeza e desinfección de vehículos de transporte do gando.
- En caso de compra de animais, débense realizar analíticas previas de IBR, BVD, paratuberculose e de mostras de leite para detectar patóxenos contaxiosos.

Medidas en relación co persoal

- Acceso restrinxido ás persoas alleas á explotación.
- Roupa e calzado exclusivo da granxa.
- A granxa debe dispor de medios de hixiene suficientes (xabón e auga para lavado de mans).
- A explotación debe contar cun espazo adecuado para o cambio de roupa do persoal que traballa na explotación.
- As visitas deben utilizar calzado limpo ou calzas desbotables e non deberían acceder á área de alimentación, nin á zona de partos, área de maternidade etc.

Medidas en relación co control da alimentación

- As operacións de descarga de pensos na granxa deben realizarse

minimizando o risco sanitario e o impacto negativo no benestar animal.

- Os sistemas de almacenamento de pensos deben estar deseñados para evitar a contaminación e a súa deterioración, así como evitar o acceso de animais.
- O deseño e construción dos sistemas e equipos de subministración de alimentos e auga deben permitir reducir o risco de contaminación e limparse periodicamente.
- O número de puntos ou de superficie dispoñible para a alimentación e bebida debe ser suficiente para permitir o acceso de todos os animais e evitar a competencia.
- Os animais deben alimentarse de acordo coa súa idade ou estado produtivo.
- A compra de pensos debe realizarse a empresas autorizadas.
- Os silos de forraxe deben estar en condicións de conservación e mantemento adecuadas.

Medidas en relación co control da subministración e calidade da auga

- Control da calidade sanitaria da ►►

SEGURO 2024

Seguro de

V

Incluye saneamiento ganadero.

Asegure la calidad de su leche
(células somáticas, aflatoxinas...).

A

C

U

N

O

Reproducción
y producción

agroseguro



PARA SUSCRIBIR SU SEGURO, DIRÍJASE A: • CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER) • MAPFRE ESPAÑA CÍA. DE SEGUROS Y REASEGUROS • AGROPELAYO SOCIEDAD DE SEGUROS S.A. • SEGUROS GENERALES RURAL • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • OCCIDENT • HELVETIA CÍA SUIZA, S.A. • CAJAMAR SEGUROS GENERALES S.A. • MUTUA ARROCERA, MUTUA DE SEGUROS • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS • GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS • SANTA LUCÍA S.A. CÍA DE SEGUROS • REALE SEGUROS GENERALES • AXA SEGUROS GENERALES • MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.



► OS ANIMAIS DE DIFERENTES GRUPOS DE IDADE DEBEN ESTAR ALOXADOS SEPARADAMENTE, POLO MENOS EN GRANXAS DE TIPO NON EXTENSIVO

auga; debe estar sometida a controis de calidade cunha frecuencia, polo menos, anual, e, se é necesario, aplicar tratamento de potabilización.

- Control do estado hixiénico de bebedoiros, conducións e depósito de auga.

Medidas de manexo sanitario

- Utensilios de limpeza e manexo exclusivo da explotación.
- Medidas para a separación de animais enfermos mediante un espazo adecuado fixo ou temporal.
- Sistemas de manexo e suxeición adecuados e seguros para os animais e o persoal.
- Na orde de manexo e atención dos animais, débese empezar polos animais novos, seguido dos adultos e, por último, dos animais enfermos.
- Revisión do estado sanitario dos animais polo menos unha vez ao día.
- Débese impedir o acceso de cans, gatos e aves ás instalacións onde se aloxa o gando.
- Os animais de diferentes grupos de idade deben estar aloxados separadamente, polo menos en granxas de tipo non extensivo.
- Débense limpar e desinfectar adecuadamente a sala de partos e o lazareto tras a saída dos animais.
- Débense limpar e desinfectar adecuadamente os aloxamentos da recría despois da saída dos animais.
- Hai que evitar que a recría teña contacto coas feces dos animais adultos.
- Débense limpar diariamente as mamadeiras e cubos de leite dos xatos lactantes.
- Hai que utilizar utensilios diferentes para manexar o esterco e os alimentos.
- É conveniente pór pediluvios para as vacas na saída da sala de muxido.

- En caso de dispor de semental para a reprodución, sobre todo en gando en extensivo, á parte das analíticas efectuadas ao resto do gando, adicionalmente pódense facer análises fronte a *tricomonas* e *campilobacter*.

Revisión periódica das instalacións en relación co benestar e sanidade animal

- A ventilación natural ou artificial do establo debe ser suficiente para evitar a concentración de malos cheiros, gases e humidade.
- A temperatura ambiental e a iluminación dos diferentes espazos da granxa deben ser adecuados para os diversos grupos de ani-



mais, sen escuridade permanente nin iluminación artificial sen interrupción.

- O deseño e a construción das instalacións deben ofrecer unhas condicións adecuadas de confort ambiental para os animais que minimize o estrés térmico.
- O estado de limpeza e conservación e deseño das instalacións, así como as camas e corredores deben ser adecuados. ►►



2025 figan

figan.es

25-28
marzo | march
Zaragoza (SPAIN)

17ª Feria internacional
para la Producción Animal

17th International Animal
Production Show



► DÉBESE FACER UNHA REVISIÓN VISUAL, POLO MENOS UNHA VEZ AO DÍA, DE TODOS OS ANIMAIS DA EXPLOTACIÓN, OBSERVANDO CALQUERA SÍNTOMA OU COMPORTAMENTO ANÓMALO



- No espazo da granxa debe manterse limpo de lixo e vexetación.
- Hai que evitar que o esterco entre en contacto cos alimentos.

Medidas de xestión de residuos sanitarios

- As ganderías inclúense dentro dos pequenos produtores de residuos perigosos.
- Deben dispor de colectores homologados, ríxidos e opacos para almacenar os residuos de orixe sanitaria.
- A explotación debe dispor dos servizos dun xestor autorizado para recoller os residuos sanitarios para o seu posterior tratamento.

Plan de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización

- Normalmente, dentro dos programas da ADSG, xa están establecidos os devanditos plans.

Plan de recollida e almacenamento de cadáveres e outros subprodutos de orixe animal

- A granxa debe dispor dun lugar onde depositar cadáveres, afastado dos establos e das áreas de maior risco como a maternidade, zona de xatos.
- Esta zona é de fácil limpeza e de fácil acceso ao camión de recollida.

Medidas de almacenamento de medicamentos, biocidas etc.

- A explotación debe dispor dun local ou armario específico pechado con boas condicións de temperatura e humidade para a correcta conservación dos medicamentos.

- Dispor doutro lugar para gardar biocidas e produtos de limpeza.
- Deben ser espazos seguros, protexidos e debidamente sinalizados.

2) PLAN DE VIXILANCIA E CONTROL DE PARASITOS

Este plan adoita formar parte do programa sanitario das ADSG.

- Consiste en tomar mostras de feces que sexan representativas do rabaño, a poder ser dos diferentes grupos de idade ou estados produtivos. No caso de animais enfermos con sospeita de infestación tómanse mostras individuais.
- O resultado da coproloxía indicaranos o xénero ou especie parasitaria e unha estimación da carga parasitaria, o cal será indicativo para elixir o antiparasitario máis específico e económico. Na desparasitación débese seguir a pauta de dosificación e días de aplicación indicado na receita veterinaria.

3) PROTOCOLO DE VIXILANCIA DO ESTADO SANITARIO DOS ANIMAIS, INCLUÍNDOLAS VIXILANCIA PASIVA DAS ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBLIGATORIA

Débese facer unha revisión visual, polo menos unha vez ao día, de todos os animais da explotación, observando calquera síntoma ou comportamento anómalo que nos faga sospeitar de que o animal está a sufrir un proceso morboso ou unha situación de malestar.

Na devandita observación debemos fixarnos nunha serie de

síntomas que puidesen indicar que estamos ante unha enfermidade de declaración obrigatoria en gando vacún. Para iso proporciónaselle ao gandeiro unha indicación dos síntomas máis característicos de enfermidades como a febre aftosa, lingua azul, carbunco bacteridiano, peripneumonía contagiosa bovina, encefalopatía esponxiforme bovina ou a enfermidade hemorráxica epizootica.

O titular da explotación deberá comunicarlle ao veterinario da explotación a sospeita de que algún animal presente os síntomas que puidesen ser compatibles con algunha das enfermidades citadas. No caso de que o veterinario de explotación, tras a observación do animal, confirme tal sospeita, procederá a comunicarllela aos servizos veterinarios oficiais segundo o protocolo de actuación establecido pola autoridade competente.

4) PROGRAMA DE MOSTRAXE RUTINARIA FRONTE ÁS ENFERMIDADES QUE SON OBXECTO DE CONTROL NA EXPLOTACIÓN

No caso de que a explotación pertenza a unha ADSG, aplicase o programa de mostraxe de todas as enfermidades recollidas no programa sanitario da ADSG. En caso contrario, será a autoridade competente quen determine as enfermidades a mostrear.

5) PLAN DE VACINACIÓN

No caso de que a explotación pertenza a unha ADSG, xa se teñen en conta os programas de vacinación que se deben implementar; en caso contrario, procederase a establecer ►

Ket-o-Vital Bolus

Producción rentable a través de una efectiva prevención de la cetosis

- » Protege a las vacas de la cetosis clínica y subclínica
- » Reduce los trastornos metabólicos
- » Aumenta el apetito, mejora la salud y conduce a una recuperación rápida



Distribución
exclusiva
para Galicia



► O MUXIDO DEBE EFECTUARSE DE XEITO HIXIÉNICO, SEGUINDO A RUTINA DE MUXIDO MÁIS ADECUADA PARA A EXPLOTACIÓN



programas de vacinas en función dos resultados das analíticas que se considere oportuno realizar.

6) PLAN DE USO RACIONAL DE MEDICAMENTOS VETERINARIOS

- **Identificación dos antimicrobianos que poden aplicarse con prioridade e os que deben excluírse.**
- **Valoración do consumo trimestral e habitual de antibióticos: no caso de que o consumo habitual sexa superior ao indicador de referencia nacional, o gandeiro debe poñelo en coñecemento do veterinario de explotación para tomar as medidas seguintes:**
 - Identificar a causa do aumento do consumo de antibióticos.
 - Avaliar o cumprimento das medidas establecidas no plan sanitario integral e, se procede, establecer medidas correctoras para diminuír o devandito consumo, así como o seu prazo de execución.
- **Medidas para o almacenamento e conservación de medicamentos veterinarios:** os medicamentos almacénanse en armarios específicos, os cales se manterán pechados verificando que cumpren as condicións de temperatura e humidade adecuadas para a súa correcta conservación. Estes deben estar almacenados no seu envase orixinal, non deben gardarse con outros tipos de produtos como insecticidas, raticidas etc. Os fármacos ou vacinas non empregados ou cuxa data de caducidade fose traspasada eliminaranse de acordo co plan de residuos.

- **Rexistro dos tratamentos con medicamentos:** todas as explotacións manterán un rexistro, en forma electrónica ou en soporte de papel, dos tratamentos administrados aos animais.
- **Plan para a xestión dos residuos de medicamentos veterinarios:** os residuos sanitarios, debidamente separados, almacenaranse en recipientes ríxidos, opacos, resistentes á perforación, de peche hermético, que eviten a perda do contido. O produtor de residuos sanitarios entregarállos a un xestor de residuos destinados ao seu tratamento.

7) PLAN DE CUMPRIMENTO E CONTROL DE HIXIENE DO LEITE (REGLAMENTO 853/2004)

Requisitos aplicados aos locais e equipos

- Os locais nos que o leite se almacena e arrefría deben ser construídos de forma que se limite o risco de contaminación, deben estar protexidos contra roedores e outras *alimañas*, e claramente separados dos locais onde están estabulados os animais, e dispor dun equipo de refrixeración adecuado.
- Os equipos de muxido e cisternas deben ser fáciles de limpar e desinfectar despois da súa utilización antes de volver usarse.

Hixiene durante o muxido, a recollida e o transporte

- O muxido debe efectuarse de modo hixiénico, seguindo a rutina de muxido máis adecuada á explotación.
- Tras o muxido, o leite debe conservarse nun recipiente limpo

concibido e equipado para evitar calquera contaminación. Debe arrefriarse inmediatamente a unha temperatura inferior a 8 °C na recollida diaria e 6 °C se non é diaria.

- Deben almacenarse separadamente os medicamentos e produtos que se administren durante a lactación, daqueles que se administren no secado.

Hixiene do personal: as persoas encargadas do muxido deben levar roupa limpa e apropiada, deben manter un elevado grao de limpeza (mans limpas, luvas etc.).

8) REXISTRO DE ACTUACIÓNS RECOMENDACIÓNS

Este capítulo correspóndelle cubrir ao veterinario de explotación, onde deixará escrito, en formato de papel ou por medios electrónicos, os seguintes puntos:

- As medidas correctoras necesarias para emendar as deficiencias detectadas na explotación, así como os prazos prudentes para levar a cabo tales correccións.
- O programa de desparasitación e vacinación correspondente.
- Avaliación e cumprimento do programa de limpeza, desinfección, desinsectación e desratiación, así como as recomendacións oportunas.
- As medidas necesarias para reducir o consumo de antibióticos ou de determinados grupos de antibióticos.
- Neste rexistro o veterinario de explotación porá a data de actuación e a súa firma, o cal constará como visita zoonosanitaria.

► NO REXISTRO O VETERINARIO DE EXPLOTACIÓN POÑERÁ A DATA DE ACTUALIZACIÓN E A SÚA FIRMA, O CAL CONSTATARÁ COMO VISITA ZOOSANITARIA DE TEMPERATURA E HUMIDADE AXEITADAS PARA A SÚA CORRECTA CONSERVACIÓN

moitos casos practicamente xa o teñen en proceso de execución a través doutros programas como as ADSG, calidade de leite, certificación etc.

- Ás explotacións que aínda lles falta por cumprir algúns dos puntos do plan, a obrigatoriedade do Plan sanitario integral constitúe o pulo necesario para entrar definitivamente na gandería do século XXI e converterse en ganderías profesionalizadas.
- O cumprimento do Plan sanitario integral constitúe unha garantía para o gandeiro para protexer a súa explotación de posibles epizootias que causarían un gran prexuízo, máis agora, que por mor da globalización de mercadorías e persoas tamén están involucrados patóxenos emerxentes que acompañan os devanditos movementos.
- Constitúe tamén para o consumidor unha garantía de seguridade sanitaria, onde, ao implementar estas medidas hixiénico-sanitarias, se asegura un mellor control dos produtos alimentarios que se xeran nas granxas.
- A aplicabilidade do plan sanitario integral nas granxas leva unha mellora no benestar animal, é ben coñecido que saúde e benestar teñen unha relación bidireccional.
- As perdas produtivas dos animais debidas ás enfermidades son moi importantes, polo que mellorar o status sanitario dos animais é un elemento clave na sustentabilidade da produción animal, tanto económica como social e ambiental.
- Por iso, a bioseguridade enmarcada dentro do Plan sanitario

integral é un factor clave para evitar esas perdas e contribuír á citada sostibilidade.

- O Plan sanitario integral constitúe unha ferramenta para mellorar as medidas de control das enfermidades que puidesen afectar ao ser humano (zoonose).
- O feito de que aparezan comentarios na prensa dicindo que o PSI contén 25 puntos moi complicados de asumir pola gandería familiar, denota un descoñecemento total de como é un plan sanitario integral. Isto é un gran problema, xa que dan unha opinión terxiversada da realidade, máxime cando moitos deses 25 puntos, tan inasumibles, xa os están a cumprir a maior parte desas ganderías familiares. ■

CONCLUSIÓN FINAL

Tal como quedou exposto, todos os puntos que comprende o Plan sanitario integral son de fácil aplicabilidade; é máis, cómpre a súa implantación para asegurarlles un futuro ás nosas ganderías, xa que, tanto desde o punto de vista sanitario coma de benestar animal, contribúe a mellorar a produtividade destas, así como a proporcionarlle ao consumidor alimentos seguros e, ao tempo, dar a boa imaxe do sector que as novas xeracións de consumidores demandan, as cales cada vez son máis esixentes e críticas coas producións gandeiras que non cumpren cos mínimos requisitos sanitarios e de benestar.

Unha vez exposto o Plan sanitario integral, podemos sacar unha serie de conclusións:

- Para a inmensa maioría de explotacións, polo menos en Galicia non resulta problemático o seu cumprimento, o desenvolvemento alcanzado en manexo e tecnificación, é dicir, en profesionalización, permítelles levar a cabo o devandito programa, en

RAIADO OU SALPICADO

DE SUPERFICIES DE FORMIGÓN

981 88 05 50
 641 55 06 56

Remedio a pisos eskorregadizos

- ✓ Reduce gastos veterinarios
- ✓ Aumenta a seguridade
- ✓ Aumento de celos

...

LENGUA AZUL

CONSECUENCIAS SUBESTIMADAS

Signos clínicos:



Ulceraciones en mucosas:
morro/boca/ojos



Regurgitación



Edema



Hiperemia



Conjuntivitis



Descarga nasal



Hipersalivación



Recuperación larga
(semanas)



Abortos



Fetos con
malformaciones



Cojeras



Fiebre



Reducción de la producción lechera y lesiones en la ubre



Durante el brote del serotipo 8 entre 2006 y 2008, la producción individual de leche de vacas que mostraban seroconversión disminuyó con un promedio de **52 kg anuales**.

El primer estudio sobre el brote del serotipo 3 muestra **una pérdida de 1kg/vaca/día**.

Pérdidas



Pérdidas directas:

- Reducción de la producción lechera.
- Incremento de la mortalidad.
- Pérdida de peso.
- Reducción de la tasa de fertilidad.
- Abortos.
- Reducción de la producción cárnica.

Pérdidas indirectas:

- Incremento de costes asociados a servicios veterinarios y medicamentos.
- Pérdida de ingresos.
- Restricciones de movimientos y pérdida de oportunidades en mercados de alto valor.

Problemas reproductivos



Las vacas infectadas tienen 5 veces más probabilidades de repetir el celo dentro de los 56 días posteriores a la primera inseminación.

Otros hechos observados durante el brote de serotipo 3 en 2023 en los Países Bajos



- Transmisión vertical.
- Incremento del número de diagnósticos de excesiva queratinización/cornificación del rumen.
- Incremento del número de diagnósticos de problemas respiratorios inflamatorios y/o neumonía.
- Incremento del número de diagnósticos de nemátodos pulmonares.

¡Descubre más
sobre la enfermedad
de la lengua azul!



Bibliografía:

- Royal GD. (2024, 6 mai). BTV-3 outbreak update: Clinical, symptoms, pathology and impact analysis: Highlights Report Cattle - April 2024.
- Rushton J, Lyons N. Economic impact of Bluetongue: a review of the effects on production. Vet Ital. 2015 Oct-Dec;51(4):401-6. doi: 10.12834/VetIt.646.3183.1. PMID: 26741252.



www.syva.es

VACUNACIÓN

El único método eficaz para controlar
el virus de la lengua azul



Syvazul BTV 3

Suspensión inyectable para ovino y bovino

El uso de **Syvazul BTV 3** está autorizado
en España, bajo el Art. 110 (2) EU2019/6.

PROTOCOLO DE VACUNACIÓN



1 año



Vía SC. Edad mínima: 3 meses

Primovacunación

Revacunación



3 semanas



1 año



Vía IM. Edad mínima: 2-3 meses*

Primovacunación

Revacunación

* A partir de los 2 meses de edad en animales sin tratamiento previo o a partir de los 3 meses de edad en terneros nacidos de madres inmunizadas.



INDICACIONES: **Ovino:** Para la inmunización activa de ovino para reducir la viremia, prevenir la mortalidad y reducir los signos clínicos y las lesiones causadas por el serotipo 3 del virus de la lengua azul. Establecimiento de la inmunidad: 28 días después de completar la pauta de primovacunación. La duración de la inmunidad no se ha establecido. **Bovino:** Para la inmunización activa de bovino frente al serotipo 3 del virus de la lengua azul. El establecimiento de la inmunidad y la duración de la inmunidad no se ha establecido. **POSOLOGÍA PARA CADA ESPECIE, MODO Y VÍAS DE ADMINISTRACIÓN:** Agitar bien antes de usar. **Ovino:** Vía subcutánea. Administrar por vía subcutánea a ovino a partir de los 3 meses de edad, de acuerdo con el siguiente esquema: Primovacunación: administrar una dosis única de 2 ml. Revacunación: administrar una dosis de 2 ml a los 12 meses. **Bovino:** Vía intramuscular. Administrar por vía intramuscular a ganado bovino a partir de los 2 meses de edad en animales sin tratamiento previo o a partir de los 3 meses de edad en terneros nacidos de madres inmunizadas, de acuerdo con el siguiente esquema: Primovacunación: administrar dos dosis de 4 ml separadas por un intervalo de 3 semanas. Revacunación: administrar una dosis de 4 ml a los 12 meses. Uso veterinario. Medicamento sujeto a prescripción veterinaria. En caso de duda, consulte a su veterinario.



laboratorios **syva** s.a.

Sede Central: Parque Tecnológico de León

Calle Nicestrato Vela M 20 • 24009 León - España

Tel.: 987 800 800 • e-mail: mail@syva.es • www.syva.es



Escanea el código QR
para obtener información
del producto.



syvacontigo



syvacontigo



laboratorios-syva